

**Sábado, 19/12/2015**

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla  
13:00 h.

●Presentación Proxecto Culturas en diálogo: Lugo-Uruguai.

●Presentación da exposición “Inherentes: Personaxes, lugares e outras herbas” de Tamara Wassaf e Luciana Rago.

●Irmanamento da Muralla de Lugo co Candombe e o Tango (Patrimonios Culturais Inmateriais da Humanidade), con M<sup>a</sup> Teresa Huguet e a colaboración das asociacións culturais Muralla-Folk e Rioplatense.

**Cartas faladas: historias daqui ou dacolá**  
Recordamos a



**Juana de Ibarbourou**, coñecida popularmente como Juana de América. O seu pai, Vicente Fernández, naceu en Lourenzá, provincia de Lugo. A biblioteca municipal desta localidade leva o nome desta poetisa. Escoitamos a súa voz. Lectura das súas poesías.



**José María Alonso y Trelles Jarén**, coñecido como «El Viejo Pancho» (Ribadeo (Lugo), 7 de maio de 1857 - Montevideo, 28 de xullo de 1924). Escritor e poeta gauchesco. A biblioteca Pública Municipal de Ribadeo chámase: El Viejo Pancho. Lectura das súas poesías.



**Valentín García Saiz** (Melo, Cerro Grande (Uruguai), 23 de decembro de 1894 – Montevideo, 3 de abril de 1974). O seu pai, Valentín García Fraga, era natural de Mondoñedo. Gran narrador gauchesco. Lectura de contos da súa obra “El narrador gaucho”.

14:00 h.-Xantar  
15:30-18:00 h.

●Encontro coa comunidade: Mateada e café.  
Campionatos de naipes: Truco (versión uruguia) / Brisca. Xogos tradicionais para nenos.



**D. Antonio Veiga Outeiro**, vicepresidente da Deputación de Lugo, e no seu nome

**D. Xosé Ferreiro Fernández**, deputado de Cultura, teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

**INHERENTES: Personaxes, lugares e outras herbas.**  
Tamara Wassaf e Luciana Rago.

Acto que terá lugar o vindeiro xoves, día 17 de decembro de 2015, ás 20:00 horas, na sala multiusos do Museo Provincial de Lugo.

Praza da Soidade s/n  
Tel. 982 242 112  
[www.redemuseisticalugo.org](http://www.redemuseisticalugo.org) / [difusion@museolugo.org](mailto:difusion@museolugo.org)

Máis información



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO



# INHERENTES

TAMARA WASSAF – LUCIANA RAGO

No marco do proxecto Culturas en Diálogo: Lugo - A Arxentina, da Rede Museística Provincial de Lugo, preséntase INHERENTES, un traballo expositivo de Tamara Wassaf e Luciana Rago.

Culturas en Diálogo: Lugo – A Arxentina é un proxecto de colaboración entre a Rede Museística da Deputación de Lugo e as asociacións de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses en Lugo e Tango Club Galicia, mais un equipo multidisciplinar. Concíbese como programa de museoloxía social que formula un traballo de arqueoloxía emocional entre Lugo e A Arxentina, coa posta en valor e humanización dos seus testemuños, en clave intercultural, entre diferentes xeracións e institucións museísticas, fomentando a creación multidisciplinar e onde se destaca a participación social de todos os colectivos da comunidade.

O traballo INHERENTES é o resultado dun diálogo múltiple entre as linguaxes que ambas artistas veñen desenvolvendo desde hai varios anos. Por un lado, Luciana

Rago instala “Papirofagia”, sutís fibras de papel esquivando e conversando con violentos desgarramentos de luz e escuridade. Unha gran forma de papel de fibras vexetais que fragmenta o espazo expositivo e que envolve o espectador desde a consideración do pictórico como experiencia vital e aberta.

Por outro lado, no traballo de Tamara Wassaf as formas da natureza preséntanse como imaxes sempre cambiantes: son seres vexetais que se camuflan con miradas femininas, escóndense e fúsiónanse facendo que a mirada do espectador discorra dun lugar a outro a través de sutís pasaxes de luz. Inherentes é o título desta serie e fío condutor de todas as pezas que aquí se presentan e refírese á idea daquilo que, debido ás súas condicións naturais, está unido dunha maneira indivisible. Neste sentido, Inherentes aludiría non tan só a un diálogo de amizade que comezou hai máis de quince anos entre as dúas artistas, senón que, ao mesmo tempo, será unha escusa perfecta para contribuír cun diálogo frutífero, cultural e internacional que é sempre unha ocasión de festexo.

**Encarna Lago González**  
Comisaria

**Día do Migrante 2015**

**Culturas en Diálogo**

Culturas en Diálogo é un programa de Museoloxía Social impulsado pola Rede Museística da Deputación de Lugo, coordinado por Encarna Lago González que, entre outros aspectos, ten como obxectivo a creación de pontes de diálogo entre Lugo e colectivos de migrantes de Arxentina, Uruguai, México, Brasil, República Dominicana, Colombia e Perú.

## PROGRAMA DE ACTOS NA REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO



**Xoves, 17/12/2015**

- Presentación do Programa.
- Inauguración da exposición “Inherentes: Personaxes, lugares e outras herbas”, de Tamara Wassaf e Luciana Rago  
Lugar: MPLugo / 20:00 h.

**Venres, 18/12/2015**

- Presentación da exposición “Inherentes: Personaxes, lugares e outras herbas” de Tamara Wassaf e Luciana Rago  
Lugar: Museo Pazo de Tor / 11:00 h.